

## Hildegarda von Bingen

(Bermersheim, Alemaña, 1098-Bingen, 1179)



Foi a primeira científica de quen os escritos permaneceron indemnes co paso do tempo.

Escrebiu unha enciclopedia de Historia Natural e varios volumes sobre Medicina: *Liber Simplicis Medicinae ou Physica*, sobre as propiedades curativas de plantas e animais dende unha perspectiva holística e *Liber Compositae Medicinae ou Causae et curae*, sobre a orixe das enfermidades e o seu tratamento desde o punto de vista teórico.

Outra das súas obras destacable é *Lingua ignota*, primeira lingua artificial da historia e por ese motivo foi nomeada patroa dos esperantistas.

Compuxo 78 obras musicais: 43 antifonas, 18 responsorios, catro himnos, sete secuencias, dúas sinfonías, un aleluia, un kyrie, unha peza libre e un oratorio.

Ademais, compuxo un auto sacramental musicalizado, *Ordo Virtutum* (Orde das virtudes), sobre as virtudes.

Escrebiu obras relixiosas, entre as que destacan tres de carácter teolóxico.